En Lalín, a 29 de outubro de 2026

ACTA NÚMERO DOCE DA XUNTA ELECTORAL
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Sendo as 12:00 horas do día sinalado, reuníronse D. Luis Alberto Villar González (Presidente), D. Carlos Lamas Fernández e D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano (Secretario); constituíndose como XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, ó efecto de dar conta do cambio de representante da entidade ESCUDERÍA + TALLER COMPETICIÓN, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

ÚNICO. Con data 26 de outubro, a Xunta Electoral recibiu a comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte, na que resolve inscribir a modificación da xunta directiva da ESCUDERÍA + TALLER COMPETICIÓN no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de forma que o novo presidente da indicada entidade é D. Antonio Cid Álvarez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O art. 19.4 do Regulamento Electoral establece que *"a representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que corresponda de conformidade cos estatutos de cada entidade. Esta representación acreditarase mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia, na que figure expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais da entidade."*

II

Constando a nova identidade do Presidente de ESCUDERIA + TALLER COMPETICIÓN, procede modificar o censo electoral e a lista de candidatos a Asemblea Xeral da F. G. de A., no senso de incluir como representante da entidade a D. ANTONIO CID ÁLVAREZ.

Polo exposto, a Xunta Electoral:

ACORDA modificar o censo electoral definitivo e a lista de candidatos a Asemblea Xeral da F. G. de A., no senso de incluir como representante da entidade a D. ANTONIO CID ÁLVAREZ.

LAMAS FERNANDEZ CARLOS - 76824787A

Firmado digitalmente por LAMAS FERNANDEZ CARLOS - 76824787A
Fecha: 2026.10.29 16:37:49 +01'00'

Firmado por HERMIDA-CACHALVITE MANZANO ANDRES - ***5965** el día 29/10/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Fdo. D. Luis Alberto Villar González
Presidente de la Junta Electoral

Fdo. D. Carlos Lamas Fernández.

Fdo. D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano
Secretario de la Junta Electoral

Firmado